

BASES DO XVII CONCURSO INFANTIL E XUVENIL DE POSTAIS DE NADAL

Primeira.- Sobre a participación

Poderán participar no concurso todos os nenos e mozos empadroados no Concello de Rodeiro con idade igual ou inferior aos 18 anos.

Aos efectos das presentes bases establécense tres categorías:

1. Categoría I: poden participar os nenos ata 5 anos..
2. Categoría II: poden participar os nenos ata 9 anos.
3. Categoría III: poden participar os mozos ata 18 anos.

Quedan excluídos da participación no concurso os fillos dos cargos electivos do Concello e de todo o persoal municipal, independentemente da súa relación laboral co mesmo.

Segunda. -Sobre as características dos traballos a presentar

Os traballos que se presenten a concurso deberán axustarse a unha serie de características que se sinalan a continuación:

1. Poderán ser debuxos ou pinturas elaborados con calquera técnica e en calquera soporte cunhas dimensións máximas de folio A4.
2. As postais serán inéditas e de temática libre.
3. Na parte de atrás da obra deberán figurar os datos do autor: nome, apelidos, enderezo, teléfono, data de nacemento e curso.
4. Cada participante só poderá presentar un único traballo.

Terceira.- Sobre a presentación

Os traballos deberán entregarse de xeito presencial no Centro Cultural Municipal “Manuel Lamazares” ou envialos por correo á súa dirección (Rúa A, 28.- 36530 Rodeiro).

Presentaranse en todo caso en sobre pechado, figurando no anverso o texto XVII CONCURSO INFANTIL E XUVENIL DE POSTAIS DE NADAL e no reverso os datos de identificación do autor.

O prazo para a presentación dos traballos finaliza o día 31 de decembro de 2022.

Cuarta.- Sobre a composición do xurado

O xurado estará composto polos seguintes membros, con voz e voto :

Presidenta: A concelleira-delegada de cultura.

Vogais: Dous representantes da comunidade educativa e cultural de Rodeiro designados polo Concello.

Secretario: O administrativo do Centro Cultural Municipal “Manuel Lamazares”, con voz e sen voto.

Non poderán ser membros do xurado as persoas que manteñan un vínculo familiar ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade co algún dos participantes no concurso.

Quinta.- Sobre a valoración dos traballos e a concesión dos premios

Concederanse tres premios en cada unha das categorías establecidas.

Os sobres serán abertos polo xurado no momento de proceder á valoración dos traballos presentados.

Na valoración dos traballos teranse en conta a calidade e a orixinalidade con carácter preferente. O xurado poderá deixar vacante calquera dos premios establecidos se ao seu criterio os traballos presentados non acadan o mínimo de calidade esixible.

As decisións do xurado a estes efectos son inapelables.

Os premios consistirán en lotes de libros e/ou material educativo a adquirir polo premiado en establecementos de Rodeiro, coa seguinte contía económica:

CATEGORÍA I

- Primeiro premio : 50 €

- Segundo premio : 35 €

- Terceiro premio : 20 €

CATEGORÍA II

- Primeiro premio : 50 €

- Segundo premio : 35 €

- Terceiro premio : 20 €

CATEGORÍA III

- Primeiro premio : 50 €

- Segundo premio : 35 €

- Terceiro premio : 20 €

Non obstante, todos os participantes recibirán un diploma pola súa contribución ao concurso.

Os premios e diplomas serán entregados nun acto público organizado polo Concello de Rodeiro, que se comunicará oportunamente.

Sexta.- Sobre a utilización dos traballos presentados

Os traballos presentados serán expostos publicamente no Centro Cultural Municipal “Manuel Lamazares” dende a reunión do xurado ata o acto de entrega de premios, se ben non se coñecerán os premiados ata o acto de entrega.

Rematada a exposición, os autores poderán retirar os traballos presentados.

Os gañadores dos primeiros premios das tres categorías autorizan ao Concello, coa súa participación no concurso, á utilización dos traballos presentados aos únicos efectos da confección da felicitación institucional do Concello no vindeiro Nadal. En todo caso, de utilizarse calquera deses traballos, farase referencia expresa na mesma ao autor.

Sétima.- Disposición adicional

A participación no concurso supón a conformidade e aceptación das presentes bases.

Calquera situación non prevista nas presentes bases e a súa interpretación no caso de dúbida será resolta polo xurado